



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 27/09/23 12:00:00

Exposición: 27/09/23 12:00:00 a 31/12/23 23:59:59

Anuncio

DEPARTAMENTO DE PERSOAL

Anuncio de requirimento documentación a aspirante para nomeamento titor XCT

Información:

EXP: 2023/E001/000009

ANUNCIO

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 27 DE SETEMBRO DE 2023.

Publícase para xeral coñecemento a dilixencia da Alcaldía do Concello de Camariñas de data 27/09/2023, de requirimento de documentación para nomeamento para a provisión dun funcionario/a interino/a, para a praza de titor/a do proxecto "Xuventude con talento 2023" para o Concello de Camariñas.

"PROVIDENCIA

EXPTE TEDEC: 2023/E001/000009

Por Decreto da Alcaldía de data 29 de agosto de 2023 aprobaronse as bases do proceso de selección/contratación e formación de bolsa, mediante concurso-oposición libre, de titor/a do proxecto "Xuventude con talento 2023" para o Concello de Camariñas, ao abeiro da Orde do 8 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de estancias formativas en entidades e empresas vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia, destinados ás persoas mozas rexistradas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, Programa operativo de emprego xuvenil, e procédese á súa convocatoria para o ano 2023 (programa Xuventude Mentoring na empresa, código de procedemento BS324D), sendo a modalidade do contrato funcionario interino.

Visto que por decreto desta Alcaldía de data 27/09/2023, despois da celebración do correspondente proceso selectivo, se aprobou a listaxe de aprobados e se constituíu a bolsa de emprego para a



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 27/09/23 12:00:00

Exposición: 27/09/23 12:00:00 a 31/12/23 23:59:59

provisión dun funcionario/a interino/a, para a praza de titor/a do proxecto “Xuventude con talento 2023” para o Concello de Camariñas.

Vista a orde de chamamento e a relación de aspirantes que forman bolsa de traballo para a provisión dun funcionario/a interino/a, para a praza de titor/a do proxecto “Xuventude con talento 2023” para o Concello de Camariñas.

De conformidade co disposto na base 9ª e 10ª da convocatoria para a provisión dun funcionario/a interino/a, para a praza de titor/a do proxecto “Xuventude con talento 2023” para o Concello de Camariñas, á vista dos antecedentes anteriormente exposto é polo que DISPOÑO:

Primeiro.- Requirir a Dª MARÍA ESTER DEVESA NEIRA, aspirante que figura en primeiro lugar na bolsa de emprego, para que no prazo de dous días hábiles, a contar desde a publicación do chamamento no Taboleiro de anuncios e da Sede do Concello, presente a documentación a que se refire a base 10ª da convocatoria, co fin de proceder, no seu caso, o seu nomeamento como funcionaria interina para a praza de titora do proxecto “Xuventude con talento 2023”.

Segundo.- Se solicite informe de fiscalización á Intervención Municipal para proceder o nomeamento.

Terceiro.- Que una vez exista o informe favorable, se proceda ao nomeamento da candidata proposta, tendo en conta a orde de prelación dos candidatos en función da puntuación que, no proceso selectivo seguido para a formación da citada Bolsa, obtivo cada un deles.

Cuarto.- Que se siga o procedemento establecido nas Bases para proceder o referido nomeamento.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial”.



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas
Data: 27/09/23 12:00:00

Exposición: 27/09/23 12:00:00 a 31/12/23 23:59:59

Camariñas asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial.